

RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE XULLO DE 2025 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS PARA O PERSOAL INVESTIGADOR CON TRAXECTORIA EXCELENTE DO CAMPUS DE OURENSE 2025

Por Resolución Reitoral do 3 de xullo de 2025 publicouse a relación definitiva de solicitudes admitidas a trámite na Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2025.

Efectuada a valoración das solicitudes admitidas a trámite pola comisión de avaliación prevista na convocatoria das axudas, e consonte á súa proposta, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da relación provisional de axudas concedidas na Convocatoria de axudas a proxectos para o persoal investigador con traxectoria excelente do Campus de Ourense 2025, que figura no Anexo I.

Segundo.- Consonte establece a base novena da convocatoria, ábrese un prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, para a presentación das alegacións que se consideren oportunas. Presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) utilizando a instancia *SXER-Emenda e mellora da solicitude* dirixida á Vicerreitoría do Campus de Ourense– Campus Auga e indicando no asunto “Convocatoria traxectoria excelente Campus Auga 2025”.

O reitor

Anexo I

RELACIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS CONCEDIDAS

Solicitante	Proxecto	Puntuación	Importe axuda
Costoya Noguerol, Jorge	Proxección do risco climático de mildio e alternaria na pataca baixo escenarios futuros en Galicia (ClimPataca)	95 puntos	20.000 €